



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1964/1102

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 15 de OUTUBRO de 2025

ASISTENTES:

NON ASISTEN:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a. Ana M.^a Mejías Sacaluga
D. Angel Rivas González
D^a Patricia Rodríguez Calviño

D^a Elena Espinosa Mangana
D^a M^a José Caride Estévez
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro

Na Casa do Concello de Vigo, ás quince horas do día quince de outubro de dous mil vinte e cinco e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Está tamén presente por invitación, a secretaria de Goberno local, Sra. Gallardo Fariña.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(777).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión segundo consta nas dilixencias dos servizos incorporadas nos expedientes que se someten a aprobación na presente sesión.

Antes do tratamento dos asuntos para a súa aprobación, os membros da Xunta de Goberno Local presentes manifestan non estar incursos en causa de incompatibilidade ni conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

S.Extr.Urx. 15/10/2025



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/10/2025 09:41	Páxina 1 de 40
1964-1102 Aprobado por XGL 24/10/2025	CSV: ADA9D5-2F5E4C-42C5CE-4C359L-MG3SHN-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

2(778).- RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS PARA O FOMENTO DO ASOCIACIONISMO E PARTICIPACIÓN CIDADÁ -2025. EXPTE. 12215/320.

Visto o informe de fiscalización do 14/10/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 10/09/2025, asinado pola xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e conformado polo concelleiro-delegado, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Por acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de 27 de xuño de 2025, aprobáronse as bases reguladoras das subvencións para o fomento do asociacionismo e a participación cidadá para a ano 2025.

Ditas bases foron publicadas no BOP núm. 126 do 3 de xullo de 2025, así como, na páxina web do Concello de Vigo, promovéndose a concorrencia de solicitudes polo prazo de 15 días hábiles, a contar dende o seguinte da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (17 de xullo de 2025).

Durante este prazo (de 18 de xullo ao 8 de agosto de 2025), achegaron un total de corenta e catro solicitudes (44):

	Nº. EXPTE	DATA REXIS-TRO	ENTIDADE
1	12291-320	22/07/25	ASOCIACIÓN DE VECINOS MONTE DA MINA DE CASTRELOS
2	12292-320	23/07/25	ASOCIACIÓN VECIÑAL SOCIO CULTURAL E DEPORTIVA O FREIXO VALLADARES
3	12293-320	24/07/25	ASOCIACIÓN VECIÑAL DOUTOR FLEMING
4	12294-320	24/07/25	ASOCIACION DE VECINOS SAN ROQUE
5	12295-320	24/07/25	ASOC VECINOS FONTE DE GALO VIGO CENTRO
6	12296-320	25/07/25	SOCIEDAD CULTURAL RECREATIVA DE PARDAVILA
7	12298-320	29/07/25	ASOCIACION DE VECIÑOS DE CORUXO
8	12300-320	29/07/25	UNION VECIÑAL CULTURA E DEPORTIVA DE CANDEAN



**CONCELLO DE VIGO**

Expte. 1964/1102

9	12301-320	29/07/25	ASOCIACION VECIÑAL DE CONSUMIDORES USUARIOS E CULTURAL EMILIO CRESPO D
10	12302-320	30/07/25	ASOC VECINAL CULTURAL, DEPORTIVA E DE CONSUMIDORES E USUARIOS DE LAVADORES
11	12308-320	31/07/25	ASOCIACION VECIÑAL NOVO VIGO
12	12309-320	31/07/25	ASOC VECIÑOS PLAZA DA MIÑOCA
13	12310-320	01/08/25	ASOCIACION COLECTIVO VECIÑAL CURVA DE SAN GREGORIO
14	12311-320	01/08/25	ASOC VECIÑAL CULTURAL E RECREATIVA SAN MAME-DE DE ZAMANS
15	12312-320	01/08/25	ASOC CULTURAL E DEPORTIVA XESTAS
16	12313-320	01/08/25	SOCIEDAD CULTURAL Y DEPORTIVA ATLANTIDA
17	12314-320	03/08/25	ASOC DE VECINOS DE SAN PEDRO DE SARDOMA O CARBALLO
18	12315-320	04/08/25	ASOC DE VECINOS NOSA TERRA DE ALCABRE
19	12316-320	04/08/25	AGRUPACIÓN DE CENTROS CULTURAIS E DEPORTIVOS
20	12318-320	04/08/25	CENTRO CULTURAL E VECIÑAL VIGO CENTRO
21	12319-320	04/08/25	ASOC VECIÑAL VAL DO FRAGOSO CONSUMIDORES E USUARIOS CENTRO SOCIAL CULTURAIS
22	12320-320	04/08/25	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DA TRAVESIA DE VIGO E ARRABALDOS AS NOSAS RUAS
23	12321-320	05/08/25	ASOC DE VECIÑOS O TORREIRO DE COIA
24	12322-320	05/08/25	CENTRO RECREATIVO Y CULTURAL DE CABRAL VIGO
25	12323-320	05/08/25	ASOC DE VECINOS DE LA SALGUEIRA ROSALIA DE CASTRO DE VIGO
26	12324-320	05/08/25	ASOC DE VECINOS NTRA SRA DE LAS NIEVES

S.Extr.Urx. 15/10/2025



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/10/2025 09:41	Páxina 3 de 40
1964-1102 Aprobado por XGL 24/10/2025	CSV: ADA9D5-2F5E4C-42C5CE-4C359L-MG3SHN-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

27	12325-320	06/08/25	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DA FEIRA DE CABRAL
28	12326-320	06/08/25	CENTRO RECREATIVO ARTISTICO E CULTURAL DE CORUXO
29	12327-320	06/08/25	FED. ASOC. FAMILIARES E ENFERMOS MENTAIS DE GALICIA (FEAFES)
30	12328-320	06/08/25	ASOCIACION VECIÑAL CULTURAL E DEPORTIVA DE CABRAL
31	12329-320	06/08/25	ASOC DE VECINOS DE COIA CAMIÑO VELLO
32	12330-320	07/08/25	ASOCIACION SOCIEDADE CULTURAL DEPORTIVA E RECREATIVA HELIOS
33	12331-320	07/08/25	ASOC DE VECINOS DE EL CALVARIO
34	12333-320	07/08/25	ASOC VECIÑAL SOCIO-CULTURAL E DEPORTIVA DE SAN MIGUEL DE OIA
35	12334-320	07/08/25	ASOCIACION VECINAL CULTURAL E DEPORTIVA SAN XURXO DE SAIANS
36	12335-320	07/08/25	ASOCIACION DE VECIÑOS DE BEADE AVCU-CSCR
37	12336-320	07/08/25	ASOCIACION CENTRO CULTURAL ARTISTICO E RECREATIVO VALLADARES
38	12337-320	07/08/25	ASOCIACION AS DA BOUZA
39	12338-320	07/08/25	ASOCIACION DE VECIÑOS DE PARADA-MACEIRIÑA RÚAS E FONTES
40	12339-320	07/08/25	ASOC. CULTURAL LAR DE SOPAS
41	12340-320	07/08/25	ASOC DE VECINOS CRISTO DE LA VICTORIA
42	12341-320	08/08/25	ASOCIACION VECIÑAL E CULTURAL CASCO VELLO
43	12342-320	08/08/25	ASOC DE VECINOS AS FONTES DE LAVADORES
44	12343-320	08/08/25	ASOC DE VECIÑOS DE SAN PEDRO DE MATAMA A UNION



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 27/10/2025 09:41

Páxina 4 de 40

1964-1102 Aprobado por XGL 24/10/2025

CSV: ADA9D5-2F5E4C-42C5CE-4C359L-MG3SHN-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1964/1102

OBXECTO DA SUBVENCIÓN E ENTIDADES BENEFICIARIAS

As subvencións convocadas están dirixidas a fomentar o asociacionismo e a participación cidadá, co fin de reforzar a capacidade de autoorganización das entidades asociativas e posibilitar o fortalecemento do tecido social e a promoción de calidade de vida e benestar social da cidadanía. As subvencións convocadas na convocatoria de 2025 están destinadas a:

- Programa I: Gastos de mantemento e funcionamento das entidades veciñais
- Programa II: Gastos de mantemento de entidades veciñais que carezan de locais municipais en réxime de cesión ou en outras condicións de uso gratuítas
- Programa III: Gastos en investimento. Equipamento.
- Programa IV: Gastos en investimento. Obras e adquisición de Inmables

CRÉDITO ORZAMENTARIO E CONTÍA

A contía total destinada a estas subvencións para o vixente exercicio orzamentario é de **456.947,69 € (catro centos cincuenta e seis mil, novecentos corenta e sete con sesenta e nove euros)**, distribuídos do seguinte xeito:

1.- Programas I e II: 238.830,14 € (douscentos trinta e oito mil, oitocentos trinta con catro euros), que se fará efectiva con cargo á aplicación orzamentaria 9240 4890000, denominada “Subvencións a entidades cidadás” do vixente exercicio orzamentario. A subvención por este concepto, non poderá superar, en ningún caso, o límite de **7.000 € no Programa I e 4.000 € para o Programa II**.

A distribución final destas contías entre os catro Programas resultou ser a seguinte:

Os importes dos programas I e II calcúlanse en función da porcentaxe que representa o importe da solicitude de subvención máxima individual de cada un deses programas, sobre o total da solicitude máxima individual conxunta. Deste modo, asignamos un 88,01 % do importe total presupostado para ditos programas (**238.830,14 €**), ao Programa I, e un 11,99 % ao Programa II:

- Programa I: **210.189,80 €**
- Programa II: **28.640,34 €**

2.- Programas III e IV: 218.117,55 € (douscentos dezaioito mil, cento dezasete con cincuenta e cinco euros), que se fará efectiva con cargo á aplicación orzamentaria 9240.7800010, chamada “Subvencións Capital Asociacións e Atrios” do vixente exercicio orzamentario, distribuídos da maneira que se detalla a continuación e tendo en conta que **no caso de que o importe destinado a algún dos programas non se esgote, a cantidade dispoñible incrementará o presuposto destinado ao outro programa ou liña de subvención**:

S.Extr.Urx. 15/10/2025



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/10/2025 09:41	Páxina 5 de 40
1964-1102 Aprobado por XGL 24/10/2025	CSV: ADA9D5-2F5E4C-42C5CE-4C359L-MG3SHN-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- **Programa III:** “Gastos en investimento. Equipamento Inventariable”, cunha contía total de **40.000,00 €**. A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, os 5.000,00 €.
- **Programa IV:** “Gastos en investimento. Obras e adquisición de inmobles”, cunha contía total de **178.117,55 €**, que se encadren nalgunha das liñas de axuda previstas neste Programa:

Liña 1.- Cunha contía inicial de **98.117,55 €**. As subvencións para esta liña, non poderá superar, en ningún caso, o 80% do custe total do proxecto ou, en todo caso, os 15.000 €, agás no caso de obras destinadas a mellorar a accesibilidade e a supresión de barreiras arquitectónicas e similares que poderán acadar o 100% do custe total do proxecto, cun límite, en todo caso, de 19.000 €.

Liña 2.- Cunha contía inicial de **80.000,00 €**. As subvencións para esta segunda liña poderán acadar o 100% do custe do proxecto, cun límite, en todo caso, de 30.000,00 €.

A distribución final das contías previstas para o Programa IV. Obras distribúise das seguinte maneira:

•**Programa IV. Liña 1: 102.556,34 €** (*resultado de sumar o importe inicial destinado a esta liña mais o importe restante previsto para a liña 2: 98.117,55 € + 4.438,79 €*)

•**Programa IV. Liña 2: 75.561,22 €**

En ningún caso, as axudas outorgadas superan os límites cuantitativos fixados na base cuarta das subvencións.

PROCEDIMIENTO DE CONCESIÓN E CRITERIOS DE VALORACIÓN

O procedemento iniciouse de oficio mediante convocatoria aprobada polo órgano competente (art. 20 da LSG) e tramítase en réxime de **concorrenia competitiva**, de acordo co art. 22.1 da LXS.

Respecto do proceso de outorgamento das subvencións realizouse en base aos cálculos detallados nos baremos que constan no expediente da convocatoria, e conforme aos seguintes criterios de valoración:

As axudas adxudícanse proporcionalmente a puntuación obtida, co límite fixado na presente convocatoria e dentro do crédito dispoñible.

Para cada unha das asociacións participantes, unha vez valorados todos os criterios definidos nos apartados a) a f) da base décimo primeira das Bases Reguladoras das Subvencións para o Fomento do Asociacionismo e da Participación Cidadá para o ano 2025, e calculados os puntos obtidos, compútase a porcentaxe que supón sobre o máximo de puntos posibles (125 pts). Este é o valor que se emprega para



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 27/10/2025 09:41

Páxina 6 de 40

1964-1102 Aprobado por XGL 24/10/2025

CSV: ADA9D5-2F5E4C-42C5CE-4C359L-MG3SHN-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1964/1102

calcular o Reparto Principal, produto de multiplicar a Solicitude Máxima Individual pola porcentaxe (%) Puntos Conseguidos sobre Total Puntos.

A contía sobrante, repártese proporcionalmente, en función da porcentaxe que supoñen os puntos individuais sobre a suma dos puntos de todas as asociacións. Unha vez superados os límites máximos ou as contías demandadas polas entidades beneficiarias, estas serán descartadas dun novo reparto do excedente económico que resta por distribuír e procédese novamente a prorratar entre o resto de asociacións que non acadaron ditos límites, ata acadar o montante subvencionable.

A cláusula décimo primeira das bases reguladoras da subvención, recolle os criterios de valoración, precisando a ponderación relativa atribuída a cada un deles:

a) **Traxectoria e antigüidade da entidade.**- Ata 10 puntos.

Valorarase tendo en consideración as datas de constitución e a inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións:

- Segundo o ano de inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións: Ata 5 puntos

Ano 87 a 93	5
Ano 94 a 2000	4
Ano 2001 a 2007	3
Ano 2008 a 2014	2
Ano 2015 a 2021	1
En adiante	0

- Segundo o ano de constitución da entidade: Ata 5 puntos

Antigüidade: mais de 50 anos 5

26 a 50 anos	4
11 a 25 anos	3
5 a 10 anos	2
1 a 4 anos	1
0 anos	0

b) **Representatividade e área de influencia.**- Ata 5 puntos

Valorarase tendo en consideración o número de socios numerarios da asociación.

Socios	Ata 500 socios	1
	De 501 a 1000 socios	2
	De 1001 a 1500 socios	3
	De 1501 a 2000 socios	4
	Mais de 2000 socios	5

c) **Capacidade económica,** suficiente e axeitada da entidade para xestionar as propostas presentadas.- Ata 10 puntos:

- Segundo o orzamento de gastos do ano anterior (2024): Ata 5 puntos

Presuposto:	Ata 10.000 €	5
	De 10.001 a 50.000 €	4
	Do 50.001 a 70.000 €	3

S.Extr.Urx. 15/10/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 27/10/2025 09:41

Páxina 7 de 40

1964-1102 Aprobado por XGL 24/10/2025

CSV: ADA9D5-2F5E4C-42C5CE-4C359L-MG3SHN-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Do 70.001 a 100.00 €	2
Mais de 100.000 €	1

- Segundo a porcentaxe económica que chega a entidade para facer fronte ao custe do proxecto para o que solicita a subvención: Ata 5 puntos
- | | |
|------------------------------|---|
| Solvencia: Do 56% ata o 100% | 1 |
| Do 41% ata o 55% | 2 |
| Do 26% ata o 40% | 3 |
| Do 16% ata o 25% | 4 |
| Ata o 15% | 5 |

d) **Calidade e viabilidade técnica e económica do proxecto de actividades.-** Ata 25 puntos.

Valoraranse o programa das actividades realizadas ou previstas dentro do período subvencionable , atendendo ás mesmas de maneira individual e tendo en conta:

- A) Que sexan capaces de xerar grupos ou programas estables fronte a accións puntuais. Duración media das actividades programadas (máximo 8 puntos):
- | | |
|---------------|----------|
| Ata 3 meses: | 2 puntos |
| Ata 6 meses: | 4 puntos |
| Ata 9 meses: | 6 puntos |
| Ata 12 meses: | 8 puntos |
- B) O número de actividades desenvolvidas ou previstas dentro do período subvencionable (máximo 8 puntos):
- | | |
|-------------------------|----------|
| 1-10 actividades: | 2 puntos |
| 11-20 actividades: | 4 puntos |
| 21-30 actividades: | 6 puntos |
| Máis de 31 actividades: | 8 puntos |
- C) Avaliarase positivamente o emprego da lingua galega na realización das actividades que fundamentan a concesión da subvención (máximo 2 puntos):
- Si: 2 puntos (*cando na totalidade das actividades se empregue o idioma galego*)
- Non: 0 puntos (*cando en ningunha das actividades se empregue o galego*)
- Parcial: 1 puntos (*cando en mais da metade das actividades previstas se empregue o galego*)
- D) Colaboración, coordinación e concertación dos proxectos con outras entidades asociativas e aposta pola promoción de alianzas e do traballo en rede (*non se computan as colaboracións con outras Administracións públicas*):
- | | |
|--|----------|
| 0 entidades: | 0 puntos |
| 1-3 entidades ou colaboración puntual: | 1 puntos |
| 4 ou máis entidades ou colaboración estable: | 2 puntos |

No caso de que o proxecto de actividades non obteña a puntuación mínima de 5 puntos por este concepto, entenderase desestimada a solicitude.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/10/2025 09:41	Páxina 8 de 40
1964-1102 Aprobado por XGL 24/10/2025	CSV: ADA9D5-2F5E4C-42C5CE-4C359L-MG3SHN-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1964/1102

f) **Calidade e viabilidade técnica e económica das propostas.**- Ata 50 por Programa (30+20 extra)

Distribuirase un total de 25 puntos por tramos en base ao custe do proxectos achegados para cada un dos Programas (*Gastos de mantemento e funcionamento, gastos de mantemento de entidades que carezan de local social, equipamento e obras ou adquisición de inmobles*):

De 1 € a 1.000 €: 1 punto	De 12.001 a 13.000 €: 13 puntos
De 1.001 a 2.000 €: 2 puntos	De 13.001 a 14.000 €: 14 puntos
De 2.001 a 3.000 €: 3 puntos	De 14.001 a 15.000 €: 15 puntos
De 3.001 a 4.000 €: 4 puntos	De 15.001 a 16.000 €: 16 puntos
De 4.001 a 5.000 €: 5 puntos	De 16.001 a 17.000 €: 17 puntos
De 5.001 a 6.000 €: 6 puntos	De 17.001 a 18.000 €: 18 puntos
De 6.001 a 7.000 €: 7 puntos	De 18.001 a 19.000 €: 19 puntos
De 7.001 a 8.000 €: 8 puntos	De 19.001 a 20.000 €: 20 puntos
De 8.001 a 9.000 €: 9 puntos	De 20.001 a 21.000 €: 21 puntos
De 9.001 a 10.000 €: 10 puntos	De 21.001 a 22.000 €: 22 puntos
De 10.001 a 11.000 €: 11 puntos	De 22.001 a 23.000 €: 23 puntos
De 11.001 a 12.000 €: 12 puntos	De 23.001 a 24.000 €: 24 puntos

De 24.001 en diante: 25 puntos

- Mellora da accesibilidade, cara a integración de colectivos con discapacidade, a través da eliminación de barreiras arquitectónicas, tecnolóxicas ou de integración (Ata 5 puntos):

Porcentaxe do custe do proxecto adicado a esta finalidade:

100 %	5 puntos
Igual ou superior ao 75%	4 puntos
Igual ou superior ao 50 %	3 puntos
Igual ou superior ao 25 %	2 puntos
Menos do 25 %	1 punto

(Este criterio aplicouse no proxecto presentado pola seguinte entidade:

- **ASOCIACIÓN DE VECIÑOS CABRAL:** presenta o seguinte proxecto de obra:
 - Gastos Obras A: Mellora instalación eléctrica+ 50 % permiso urbanístico (1.084,22 €)
 - Gastos Obras B: Obra no cuarto maquinaria do ascensor + 50 % permiso (763,93 €)
 - Total Programa de Obras: 1.848,15 (2 puntos)
- O proxecto de obra de "Obras no cuarto maquinaria do ascensor" por un importe de 763,93 € supón unha porcentaxe superior ao 25% do total do programa de obras, polo tanto correspondeulle 2 puntos mais: 2+2=4 puntos)
- Na Liña 2 do Programa IV. Gastos en Obras (obras destinadas, especificamente, a mellorar a **seguridade, estanquidade, habitabilidade e/ou salubridade** das instalacións): Ata 20 puntos

S.Extr.Urx. 15/10/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 27/10/2025 09:41

Páxina 9 de 40

1964-1102 Aprobado por XGL 24/10/2025

CSV: ADA9D5-2F5E4C-42C5CE-4C359L-MG3SHN-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Para valorar este epígrafe, a Comisión de valoración, **solicitará informe ao persoal técnico municipal**, cunha proposta de puntuación para cada un dos proxectos presentados en base aos seguintes criterios:

- Valorarase a necesidade técnica do proxecto presentado e os obxectivos que pretenden conseguir coa súa realización:
 - Obras de mellora e reparación da estrutura exterior e cuberta do edificio: ata 10 puntos
 - Obras de mellora e reparacións no interior das instalacións: ata 10 puntos

Conforme co informe técnico que consta no expediente, propónse outorgar a seguinte puntuación respecto das obras previstas na LIÑA 2 de Obras:

	CIF	ENTIDADE	PROXECTO	CUSTE PROXECTO	PUNTOS: OBRAS EXTERIORES	PUNTOS: OBRAS INTERIORES
4	G-36648608	Asociación Veciñal Emilio Crespo Navia	LIÑA 2: Reparación cornisa e cambio lucernario. Honorarios arquitecto e Seguridade e Saúde. Permisos	28.316,64 €	10	
5	G-36633618	Asociación Veciñal Lavadores	LIÑA 2: Reparación da fachada lateral e baixante de augas para frear humidades na Ludoteca	14.247,75 €	7	
10	G-36640860	Asociación Veciñal Val do Fragoso	LIÑA 2: Impermeabilización terraza. Permiso	1.134,76 €	8	
18	G-36648640	Asociación Veciñal San Miguel de Oia	LIÑA 2: Substitución caixa de contador e dereitos de extensión para adaptarse a normativa vixente para mellora de seguridade da instalación eléctrica	1.878,51 €		8
20	G-36632081	A.V.C.V- C.S.C.R de Beade	LIÑA 2: Reforma Auditorio. Permiso	39.942,87 €		10

g) Colaboración das entidade coa acción da Administración Local. Ata 20 puntos

- Valorarase o número de rexistros tramitados (Xestión de Expedientes Municipal) relacionados con peticións de carácter sociomunitario (solicitudes, queixas, suxestións ou invitacións aos eventos de carácter asociativo). Máximo 10 puntos:
 - Ata 5 rexistros: 4 puntos
 - De 6 a 12 rexistros: 8 puntos
 - Mais de 12 rexistros: 10 puntos
- Participación noutros programas municipais: valorase con 2 puntos cada un dos programas ou convocatorias municipais nos que se participe, ata un máximo de 10 puntos.

h) Xustificación das subvencións.- Ata 10 puntos

Coa avaliación deste criterio, o que se pretende é valorar o esforzo realizado pola entidade para unha correcta execución e xustificación dos programas subvencionados na anterior convocatoria.

- Grao de cumprimento na presentación da documentación: Restarase un punto polo incumprimento da base 14ª:
"Deberá presentarse electronicamente unha solicitude de abono de subvención debidamente cumprimentada para cada un dos Programas subvencionados, segundo os Anexos VIII (mantemento e funcionamento), IX (mantemento entidades



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/10/2025 09:41	Páxina 10 de 40
1964-1102 Aprobado por XGL 24/10/2025	CSV: ADA9D5-2F5E4C-42C5CE-4C359L-MG3SHN-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1964/1102

que carezan de local municipal), X (equipamento) e XI (obras), cada unha das cales, será rexistrada e asinada electronicamente cun número de documento de entrada distinto, e presentarase como documento adxunto con cada unha das solicitudes de abono, o Anexo XII: "Memoria de actividades" e, de ser o caso, o Anexo XIII: "Declaración responsable de non dedución do IVE".

- Restarase un punto por cada unha das emendas ou documentos requiridos para subsanar a xustificación presentada no 2024.
- A aquelas entidades as que se lles aplicou a redución proporcional por xustificación incompleta, restaráselle 2 puntos máis cando a porcentaxe xustificada supere o 50% e, 3 puntos cando a porcentaxe xustificada sexa inferior ao 50 %.
- Aquelas entidades que non xustificaron ou presentaron renuncia expresa obterán unha puntuación de 0 puntos.

CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS E DOCUMENTACIÓN

a) Todas as asociacións ás que se propón outorgar subvención no punto primeiro da parte dispositiva deste informe, están debidamente inscritas no RMA nos epígrafes 10.1 ou 10.5 de dito Rexistro, "Asociacións veciñais" e "Sociedades culturais, recreativas, deportivas, ateneos, círculos, liceo, casas rexionais", respectivamente, cumprindo así co disposto nas bases primeira e segunda da norma reguladora das subvencións.

Porén, propónse ao órgano competente a desestimación das seguintes solicitudes:

- **Federación Asociación de Familiares e Enfermos Mentais de Galicia FEAFES (G-15545353)** (EXTE: 12327-320), inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións co núm. 479-96 no epígrafe 1.2.2 "Asistencial e Saúde", e non no epígrafe 10.1 ou 10.5, como se esixe nas bases da convocatoria.
- **Asociación Cultural Lar de Sopas (G-56818164)** (EXTE: 12339-320), inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións co núm. 1454-24 no epígrafe 2.2 "Cultura e Arte", e non no epígrafe 10.1 ou 10.5, como se esixe nas bases da convocatoria.

b) Todas as solicitudes para concorrer no procedemento se solicitaron no prazo establecido ao efecto na base novena.

c) En ningún caso se superan os límites cuantitativos establecidos na base cuarta da convocatoria, a saber:

- Programa I: en ningún caso, a contía de 7.000 €
- Programa II: en ningún caso, a contía de 4.000 €
- Programa III: en ningún caso, o cantidade de 5.000 €
- Programa IV:

Liña 1: o 80 % do orzamento presentado e o máximo de 15.000 €, agás no caso de obras destinadas a mellora a accesibilidade e a supresión de barreiras arquitectónicas.

S.Extr.Urx. 15/10/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 27/10/2025 09:41

Páxina 11 de 40

1964-1102 Aprobado por XGL 24/10/2025

CSV: ADA9D5-2F5E4C-42C5CE-4C359L-MG3SHN-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

tectónicas e similares que poderán acadar o 100% do custe total do proxecto, cun límite, en todo caso, de 19.000,00 €

Liña 2: as subvención para esta segunda liña poderán acadar o 100 % do custe do proxecto, cun límite, en todo caso, de 30.000,00 €

d) Todas as asociacións ás que se lle concede subvención, teñen sede social ou delegación no termo municipal de Vigo (Base 2.1).

e) Dos seus estatutos e normas reguladoras despréndese que ditas entidades teñen obxectivos e fins coincidentes cos establecidos nas bases, dispoñendo dunha estrutura suficiente para garantir o cumprimento dos mesmos (Base 2 e 3). O cumprimento deste requisito queda acreditado coa presentación do Anexo IV: “Declaración responsable de cumprimento dos requisitos” asinado pola persoa representante da entidade beneficiaria.

f) As entidades que resultaron beneficiarias da subvención teñen debidamente xustificadas en tempo e forma as axudas que se lle outorgaron na Área de Participación Cidadá, de conformidade coa Base 7ª.2, apartado 1º. Enténdese cumprido este requisito, respecto das entidades solicitantes, que non concorreron á convocatoria do ano 2024, ou que, se ben concorreron, non obtiveron subvención ou renunciaron á subvención outorgada, polo que, non se lle outorga ningunha puntuación polo criterio de “xustificación de subvención”, previsto na Base 11.h) da convocatoria.

g) Incorpóranse ao expediente a certificacións acreditativas de estar ao corrente das obrigas tributarias coa AET, Facenda da Xunta de Galicia, e Concello de Vigo, así como das obrigas coa Seguridade Social.

h) Constan as declaracións de que as entidades beneficiarias non se atopan incursoas en ningunha das prohibicións do art. 13 da LXS.

i) As asociacións concorreron achegando a solicitude e anexos á solicitude, regulada na Base 10ª e aprobada como modelo oficial e coa sinatura do representante legal da entidade (téndose verificado cos datos que constan no Rexistro Municipal de Asociacións, que todas as solicitudes de subvención foron asinadas polo/a presidente/a das entidades solicitantes, salvo nas solicitudes que se detallan a continuación, na que consta expresamente o nomeamento dun representante legal:

- UNION VECIÑAL CULTURAL E DEPORTIVA DE CANDEAN
- CENTRO RECREATIVO Y CULTURAL DE CABRAL VIGO

j) Incorpórase como Anexos á **acta da Comisión de Valoración**, os seguintes documentos:



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 27/10/2025 09:41

Páxina 12 de 40

1964-1102 Aprobado por XGL 24/10/2025

CSV: ADA9D5-2F5E4C-42C5CE-4C359L-MG3SHN-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1964/1102

- **Anexo I.** Acta de conformidade do Servizo de Participación Cidadá coa realización das obras en locais municipais, que son obxecto de subvención no Programa IV (“Gastos en investimento: obras e adquisicións de inmobles”).
- **Anexo II.** Informe de puntuación do criterio de colaboración e complementariedade das actividades das entidades coa acción da Administración Local.
- **Anexo III:** Informe de valoración do criterio do grado de xustificación das subvención do ano 2024.

PRAZO E CONTIDO DA RESOLUCIÓN E NOTIFICACIÓN

O concelleiro delegado de Participación Cidadá e Distritos, conforme ao establecido no apartado 12ª das bases da convocatoria (“procedemento: instrución, resolución, notificación e/ou publicación, recursos e renuncia”) resolveu o nomeamento dos titulares da Comisión de Valoración que preside, de conformidade coa dita base, cos seguintes membros:

Vogal 1	Titular	Carla Candia Paz	A xefa do Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local,
Vogal 2	Titular	Marta Alonso Posada	Administrativa da Administración Xeral
Secretaria	Titular	Carla Candia Paz	A xefa do Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local,

Na parte dispositiva deste informe proposta, incorpórase a relación das corenta (42) entidades as que se lle propón conceder subvención, para os Programas para os que solicitou axuda.

Proponse, por outra lado, desestimar ás solicitudes relacionadas a continuación, xa que as mesmas non cumprían coas condicións e requisitos establecidos para acadar a condición de beneficiaria.

Deste xeito, a comisión de valoración, asinada o 26/9/2025, conforme á información e documentación obrante no expediente, procede a realizar a avaliación das solicitudes presentadas cos resultados expostos na acta da comisión asinada por todos os seus compoñentes e que se achega xunto co expediente, acordando o seguinte:

DESESTIMACIÓN DE SOLICITUDES DE SUBVENCIÓN

Das solicitudes achegadas, segundo o disposto nas bases 1ª.d) (beneficiarias das subvencións), 2ª (*Requisitos dos Solicitantes*) e 7ª (*Desestimación das Solicitudes*)

S.Extr.Urx. 15/10/2025



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/10/2025 09:41	Páxina 13 de 40
1964-1102 Aprobado por XGL 24/10/2025	CSV: ADA9D5-2F5E4C-42C5CE-4C359L-MG3SHN-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

da norma reguladora das subvencións, acórdase propor a desestimación de dúas entidade, que non reúnen os requisitos para obter a condición de beneficiaria:

- **Federación Asociación de Familiares e Enfermos Mentais de Galicia FEAFES (G-15545353)** (EXTE: 12327-320), inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións co núm. 479-96 no epígrafe 1.2.2 “Asistencial e Saúde”, e non no epígrafe 10.1 ou 10.5, como se esixe nas bases da convocatoria.
- **Asociación Cultural Lar de Sopas (G-56818164)** (EXTE: 12339-320), inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións co núm. 1454-24 no epígrafe 2.2 “Cultura e Arte”, e non no epígrafe 10.1 ou 10.5, como se esixe nas bases da convocatoria.

TÁBOA 1 (Non inscrita no RMA. Epígrafes 10.1-10.5 como entidades de carácter veciñal ou non operar no movemento veciñal)		
CIF/NIF	ENTIDADES	NÚMERO EXPEDIENTE
G-15545353	Federación Asociacións de Familiares e Enfermos Mentais de Galicia (FEAFES) (inscrita no epígrafe 1.2.2 “Asistencial e Saúde do Rexistro Municipal de Asociacións	12327-320
G-56818164	Asociación Cultural Lar de Sopas (inscrita no epígrafe 2.3 “Cultura e Arte” do Rexistro Municipal de Asociacións)	12339-320

RETIRADA DE CONCEPTOS SOLICITADOS POR NON CONSIDERARSE CONCEPTOS SUBVENCIONABLES

Unha vez analizadas as solicitudes presentadas, a comisión de valoración considera que unicamente son subvencionables os importes referidos na táboa que se indica a continuación por incumprir total ou parcialmente os conceptos da base terceira da convocatoria de subvencións “Gastos subvencionables”:

TÁBOA 2 (Solicitudes con “Gastos Non Subvencionables” conforme á base 3º da convocatoria				
CIF	ENTIDADES	PROGRAMA	CONCEPTO	IMPORTE
G-36654184	Asociación Veciñal O Freixo	IV	Excede o 50% dos gastos derivados do pago de licenzas e permisos urbanísticos (304,85 €)	152,42 €
G-36659894	Asociación Veciñal San Roque	IV	Excede o 50% dos gastos derivados do pago de licenzas e permisos urbanístico (146,55 €)	73,275 €



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 27/10/2025 09:41

Páxina 14 de 40

1964-1102 Aprobado por XGL 24/10/2025

CSV: ADA9D5-2F5E4C-42C5CE-4C359L-MG3SHN-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1964/1102

G-36628543	Asociación Veciñal Xestas	IV	Aplican o 50% dos gastos derivados do pago de permisos urbanísticos, pero non se admite porque a data de pago (2.10.2024), esta fóra do período subvencionable (16.11.24 ao 31.10.25)	109,00 €
G-36620854	Sociedad Cultural Atlántida Matamá	IV	Aplican o 100% dos gastos derivados do pago de permisos urbanísticos, pero non se admite porque a data de pago (30.10.2024), esta fóra do período subvencionable (16.11.24 ao 31.10.25)	300,00 €
G-36649325	Asociación Veciñal O Carballo de Sárdoma	IV	Excede o 50% dos gastos derivados do pago de licenzas e permisos urbanístico (176,74 €)	88,37 €
G-36649374	Asociación Nosa Terra de Alcabre	IV	Excede o 50% dos gastos derivados do pago de licenzas e permisos urbanístico (425,11 €)	212,55 €
G-36640860	Asociación Veciñal Val do Fragoso	IV	Excede o 50% dos gastos derivados do pago de licenzas e permisos urbanístico	Liña 1: 224,76 € Liña 2: 21,92 €
V-36658680	Centro Cultural de Cabral	IV	Excede o 50% dos gastos derivados do pago de licenzas e permisos urbanístico (228,71 €)	114,35 €
G-36627495	Centro Cultural de Coruxo	IV	Excede o 50% dos gastos derivados do pago de licenzas e permisos urbanístico (152,89 €)	76,44 €
G-36651073	Asociación Veciñal Cabral	IV	Excede o 50% dos gastos derivados do pago de licenzas e 62,49 €)	31,245 €
G-36633428	Asociación Helios Bembrive	IV	Excede o 50% dos gastos derivados do pago de licenzas e permisos urbanístico (177,03€)	88,515 €
G-36633428	Asociación Helios Bembrive	III	“Arrendamento impresora”: por non considerarse material inventariable	677,93 €
G-36648996	Asociación Veciñal Pardavila	III	“Flores”: por non considerarse material inventariable	50,00 €
G-36632081	Asociación Veciñal Beade	I	Os gastos de persoal: inadmitense por estar subvencionados total ou parcialmente mediante outra axuda municipal	3.046,23 €

S.Extr.Urx. 15/10/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 27/10/2025 09:41

Páxina 15 de 40

1964-1102 Aprobado por XGL 24/10/2025

CSV: ADA9D5-2F5E4C-42C5CE-4C359L-MG3SHN-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

ESTIMACIÓN DAS EMENDAS NOS PROXECTOS INICIAIS DAS SOLICITUDES DE SUBVENCIÓN PRESENTADAS POLAS SEGUINTE ENTIDADES,

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(779).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE VIXILANCIA DE SEGURIDADE E MANTEMENTO DE INSTALACIÓNS DE SEGURIDADE EN CENTROS E ACTIVIDADES DA ÁREA DE CULTURA. EXPTE. 3986/341.

Visto o informe de fiscalización, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación, ambos do 15/10/2025, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia de seguridade e mantementos de instalacións de seguridade en centros e actividades da Área de Cultura (3986-341)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)



- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia de seguridade e mantementos de instalacións de seguridade en centros e actividades da Área de Cultura (3986-341)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 1 de agosto de 2025 a Xunta de Goberno local, acordou:

"1º.- Aprobar a contratación, por procedemento aberto de regulación harmonizada, dos servizos de vixilancia de seguridade, así como o mantemento das instalacións de seguridade (antiintrusión, detección e extinción de incendios, luces de emerxencia), en centros da rede de museos municipais e de bibliotecas públicas adscritos á Área de Cultura.

2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas que rexerá a citada contratación, asinado con data 25 de xuño de 2025 polo xefe do servizo de Museos Municipais e mailo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural.

3º.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a citada contratación, asinado con data 31 de xullo de 2025 pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos.

4º.- Autorizar o gasto por importe total de 1.547.278,18 €, co IVE incluído (un millón cincocentos corenta e sete mil douscentos setenta e oito euros con dezaioito céntimos), sendo o iva a soportar pola administración 268.535,88 €, segundo o seguinte desglose por anualidades e aplicacións orzamentarias:

	2025 (2 outubro-31 decembro)	2026 (1 xaneiro-31 decembro)	2027 (1 xaneiro-1 outubro)
3330.227.01.01	154.687,22 €	627.342,63 €	472.655,41 €
3321.227.01.01	36.073,10 €	146.296,46 €	110.223,36 €

5º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente."

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 13 de xuño de 2025), o 9 de outubro de 2025 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 2 de outubro de 2025, de EULEN SEGURIDAD, SA por non acadar o limiar mínimo de puntuación establecido no apartado 7.A) do Anexo I (FEC) do PCAP.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do





Concello de Vigo

servizo de vixilancia de seguridade e mantementos de instalacións de seguridade en centros e actividades da Área de Cultura (3986-341) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	PROSEGUR SOLUCIONES INTEGRALES DE SEGURIDAD ESPAÑA, SL	87,83
2	CLECE SEGURIDAD, SA	86,00

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, PROSEGUR SOLUCIONES INTEGRALES DE SEGURIDAD ESPAÑA, SL, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. A documentación esixida nas cláusulas 9 e 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberán acreditar a habilitación profesional esixida no apartado 5G do Anexo I -FEC- do PCAP.*
- 2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Recordar que tal e como establece a cláusula 18.4 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente."

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, PROSEGUR SOLUCIONES INTEGRALES DE SEGURIDAD ESPAÑA, SL, o día 9 de outubro de 2025, que presenta a documentación requirida o día 10 do mesmo mes, dentro do prazo concedido.

Esta documentación consta de:

- O certificado de inscrición do licitador no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia no que figura o obxecto social da mercantil e a clasificación da mesma.
- A escritura de constitución da licitadora na que figuran os estatutos co obxecto social xunto coa escritura de apoderamento do representante e o seu DNI.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira e da solvencia técnica e profesional, tendo en conta que neste procedemento existe clasificación alternativa (Grupo M – Subgrupo 2 – Categoría 5) presentan a clasificación Grupo M – Subgrupo 2 – Categoría d.
- Acreditación da habilitación profesional esixida no apartado 5G do Anexo I - FEC- do PCAP.



- Aval por un importe de 63.937,12 euros que cobre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente o correspondente documentos da Tesourería do Concello de Vigo.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo, a AEAT, a TGSS e a ATRIGA.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 15 de outubro de 2025 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar PROSEGUR SOLUCIONES INTEGRALES DE SEGURIDAD ESPAÑA, SL, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por PROSEGUR SOLUCIONES INTEGRALES DE SEGURIDAD ESPAÑA, SL, de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábles mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábles mediante fórmula, de datas 29 de setembro e 7 de outubro de 2025, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Primeiro.- Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 2 de outubro de 2025, de EULEN SEGURIDAD, SA por non acadar o limiar mínimo de puntuación establecido no apartado 7.A) do Anexo I (FEC) do PCAP.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/10/2025 09:41	Páxina 32 de 40
1964-1102 Aprobado por XGL 24/10/2025	CSV: ADA9D5-2F5E4C-42C5CE-4C359L-MG3SHN-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

Segundo.- Adxudicar a PROSEGUR SOLUCIONES INTEGRALES DE SEGURIDAD ESPAÑA, SL o procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia de seguridade e mantementos de instalacións de seguridade en centros e actividades da Área de Cultura (3986-341) por un prezo total do contrato de 1.537.156,10 € euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 266.779,16 € euros coas seguintes condicións:

- A porcentaxe única de redución dos prezos unitarios de horas de prestación do servizo de vixilancia de seguridade (apartado 3.G das FEC) e do prezo do servizo de mantemento de instalacións de seguridade (apartado 3.A das FEC) é do 7,47 %.*
- Comprométese a implantar un plan de formación continua do persoal en materia de seguridade de 25 horas anuais (a maiores das 20 horas lectivas anuais mínimas obrigatorias esixidas pola normativa de seguridade privada) respecto a as materias previstas no apartado 7B)3 do Anexo I -FEC- do PCAP.*
- Incrementa a dotación mínima anual para corrección de incidencias menores de mantemento correctivo nos sistemas de seguridade dos centros (antiintrusión e/o contraincendios) en 2.060,91 euros (sen IVE).*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(780).- PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR RYANAIR DAC CONTRA ACORDO DE IMPOSICIÓN DE PENALIDADES. EXPTE. 8811/104.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 13/09/2025, asinado pola xefa de Turismo e conformado pola secretaria de Administración Municipal, a concelleira delegada de Turismo e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

- Por resolución da Xunta de Goberno Local de 08/08/25 acordouse:

PRIMEIRO.- Desestimar íntegramente as alegacións presentadas con rexistro de entrada núm. R20250065642 de 13.06.2025 de RYANAIR DAC.

SEGUNDO.- Impor unha penalidade á empresa RYANAIR DAC (N0072244G) do 3,333 % do prezo do contrato, que ascende a 50.000,00 €, polo incumprimento da publicación de tres Newsletters e once publicacións en RRSS, de acordo co cronograma do plan de medios, o que supón o incumprimento do obxecto do contrato consistente no incremento da chegada



de turistas a cidade co fin de alcanzar a sustentabilidade turística do destino, a través da xestión da desestacionalización da demanda e da diversificación da oferta ao longo do ano.

Estes incumprimentos están tipificados como moi graves na cláusula 35. 5 K dos PCAP.

TERCEIRO.- Proceder á reclamación da cantidade acordada mediante a dedución das cantidades que deban aboarse ao contratista, en concepto de pagamento total ou parcial, conforme ao artigo 194.2 da LCSP.

CUARTO.- Notificar este acordo a Ryanair DAC e aos servizos de intervención e tesourería ao efecto da dedución da cantidade pola penalidade imposta.

O acordo esgota a vía administrativa, de conformidade co establecido no artigo 114.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Contra ela cabe a presentación de recurso ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses a contar desde a notificación, segundo dispoñen os artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xuño, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de poder interpoñer previamente recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, de conformidade co disposto nos artigos 123 e seguintes, cos efectos desestimatorios por silencio administrativo previstos no artigo 24 da citada Lei 39/2015.

- Con rexistro de entrada núm. R20250099419, de 17 de setembro de 2025, RYANAIR DAC interpón recurso de reposición contra o acordo antes transcrito.

- Con data 10.10.25 o Servizo de Turismo emite informe sobre o recurso de reposición presentado, cuxo tenor literal é o seguinte:

“INFORME DO SERVIZO DE TURISMO AO RECURSO DE REPOSICIÓN.

ANTECEDENTES

Por resolución da Xunta de Goberno Local de 8/08/25 acordouse:

PRIMEIRO.- Desestimar íntegramente as alegacións presentadas con rexistro de entrada núm. R20250065642 de 13.06.2025 de RYANAIR DAC.

SEGUNDO.- Impor unha penalidade á empresa RYANAIR DAC (N0072244G) do 3,333 % do prezo do contrato, que ascende a 50.000,00 €, polo incumprimento da publicación de tres Newsletters e once publicacións en RRSS, de acordo co cronograma do plan de medios, o que supón o incumprimento do obxecto do contrato consistente no incremento da chegada de turistas a cidade co fin de alcanzar a sustentabilidade turística do destino, a través da xestión da desestacionalización da demanda e da diversificación da oferta ao longo do ano.

Estes incumprimentos están tipificados como moi graves na cláusula 35. 5 K dos PCAP.

TERCEIRO.- Proceder á reclamación da cantidade acordada mediante a dedución das cantidades que deban aboarse ao contratista, en concepto de pagamento total ou parcial, conforme ao artigo 194.2 da LCSP.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/10/2025 09:41	Páxina 34 de 40
1964-1102 Aprobado por XGL 24/10/2025	CSV: ADA9D5-2F5E4C-42C5CE-4C359L-MG3SHN-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

CUARTO.- Notificar este acordo a Ryanair DAC e aos servizos de intervención e tesourería ao efecto da dedución da cantidade pola penalidade imposta.

O acordo esgota a vía administrativa, de conformidade co establecido no artigo 114.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Contra ela cabe a presentación de recurso ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses a contar desde a notificación, segundo dispoñen os artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xuño, reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativo, sen prexuízo de poder interpoñer previamente recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, de conformidade co disposto nos artigos 123 e seguintes, cos efectos desestimatorios por silencio administrativo previstos no artigo 24 da citada Lei 39/2015.

En data 17/09/25 a compañía Ryanair presenta a través do Rexistro Xeral do Concello de Vigo recurso potestativo de reposición. Examinado o contido do recurso e a normativa de aplicación desprendese os seguintes:

FUNDAMENTOS DE DEREITO

1. Que o recurso de reposición interpúxose dentro do prazo dun mes que establece o artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e reúne os requisitos esixidos no artigo 115 do mesmo corpo legal, polo que debe admitirse a trámite.
2. Que o recorrente, ratifica, no recurso de reposición, a “Alegación 1 do escrito de alegacións de 13.06.25”, no escrito nº R20250065642, ao non engadir novas argumentacións, deben ter por reproducidos os argumentos técnicos e xurídicos contidos na resolución de Xunta de Goberno Local de data 8 de agosto de 2025, que serven de motivación, e nos que se reitera que a campaña de promoción so ten sentido cando se manteñen as publicacións mensuais ao longo da vixencia do contrato.
No expediente non consta ningunha pretensión por parte do Concello de reducir unilateralmente o prezo do contrato, nin a compañía pode acreditar dita afirmación, recollida no recurso de reposición.
3. Que o recorrente, ratifica, no recurso de reposición, a Alegación 2 do escrito de alegacións de 13.06.25, no escrito nº R20250065642, respecto á desproporcionalidade da penalidade imposta, cuxa argumentación foi amplamente motivada na resolución de Xunta de Goberno Local de data 8 de agosto de 2025.
4. Que o recorrente se refire no punto 3 do recurso de reposición a “anuncios públicos da imposición da penalidade” que non desvirtúan os feitos polos que se impón a sanción sendo estas cuestións alleas ao procedemento.
5. Que corresponde resolver o recurso de reposición interposto á Xunta de Goberno Local, ao ser este órgano o que ditou a resolución impugnada, ao estar así establecido no acordo de delegacións de competencias do alcalde na Xunta de Goberno Local “os acordos adoptados en exercicio de atribucións delegadas que serán resoltos pola propia Xunta de Goberno Local” (resolución de alcaldía de 20.06.2023).

Á vista de posibles consideración xurídicas, remítese para emisión de informe xurídico.

Vigo na data de sinatura dixital
A xefa do Servizo de Turismo.
Conforme



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 27/10/2025 09:41

Páxina 35 de 40

1964-1102 Aprobado por XGL 24/10/2025

CSV: ADA9D5-2F5E4C-42C5CE-4C359L-MG3SHN-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

A Concelleira delegada de Turismo (Resolución de data 28 de xuño de 2023, BOPPO Nº 129 de data 05/07/23 e posterior de data 28 de xuño de 2024, BOPPO Nº 134 de data 10/07/24)”

- Con data 10.10.25 se emite informe xurídico ao recurso de reposición, cuxo tenor literal é o seguinte:

“INFORME XURÍDICO

PILAR DEL CARMEN SABORIDO DÍAZ, secretaria de administración municipal do concello, informa:

ANTECEDENTES

Por resolución da Xunta de Goberno Local de 08.08.2025 acordouse:

“PRIMEIRO.- Desestimar íntegramente as alegacións presentadas con rexistro de entrada núm. R20250065642 de 13.06.2025 de RYANAIR DAC.

SEGUNDO.- Impor unha penalidade á empresa RYANAIR DAC (N0072244G) do 3,333 % do prezo do contrato, que ascende a 50.000,00 €, polo incumprimento da publicación de tres Newsletters e once publicacións en RRSS, de acordo co cronograma do plan de medios, o que supón o incumprimento do obxecto do contrato consistente no incremento da chegada de turistas a cidade co fin de alcanzar a sostenibilidade turística do destino, a través da xestión da desestacionalización da demanda e da diversificación da oferta ao longo do ano.

Estes incumprimentos están tipificados como moi graves na cláusula 35. 5 K dos PCAP.

TERCEIRO.- Proceder á reclamación da cantidade acordada mediante a dedución das cantidades que deban aboarse ao contratista, en concepto de pagamento total ou parcial, conforme ao artigo 194.2 da LCSP.

CUARTO.- Notificar este acordo a Ryanair DAC e aos servizos de intervención e tesourería ao efecto da dedución da cantidade pola penalidade imposta.

O acordo esgota a vía administrativa, de conformidade co establecido no artigo 114.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Contra ela cabe a presentación de recurso ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses a contar desde a notificación, segundo dispoñen os artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xuño, reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa, sen prexuízo de poder interpoñer previamente recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, de conformidade co disposto nos artigos 123 e seguintes, cos efectos desestimatorios por silencio administrativo previstos no artigo 24 da citada Lei 39/2015”.

(...)”.

Consta a recepción da notificación do acordo o día 18.08.2025 pola empresa Ryanair DAC.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/10/2025 09:41	Páxina 36 de 40
1964-1102 Aprobado por XGL 24/10/2025	CSV: ADA9D5-2F5E4C-42C5CE-4C359L-MG3SHN-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

Con rexistro de entrada núm. R20250099419, de 17 de setembro de 2025, RYANAIR DAC interpón recurso de reposición contra o acordo antes transcrito.

Con data 10.10.2025 emítese informe da Xefa de Turismo.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- Reproducimos as consideracións feitas pola Xefa de Turismo no informe de 10.10.2025, ás que unicamente engadimos os puntos que detallamos a continuación.

SEGUNDO.- Respecto “a la falta de advertencias o requerimientos por parte del Ayuntamiento a RYANAIR, durante todo el 2024” alegado pola empresa no recurso, reitérase o xa informado:

“Non é o concello de Vigo quen deben requirir á empresa adxudicataria, como afirma Ryanair; o prego de prescricións técnicas recolle expresamente que “O adxudicatario terá que presentar un cronograma das actuacións de promoción que se axuste á proposta de actuacións de comunicación, presentadas na oferta”.

A empresa, no momento de presentación de ofertas, presentou dito cronograma e non consta que realizase ningunha solicitude ao concello para a súa modificación, non sendo admisible o alegado pola empresa ao pretender que “el Ayuntamiento realizara ningún tipo de advertencia o requerimiento durante todo el año 2024, para que se ajustase en su ejecución literalmente al calendario del Plan de Medios”.

TERCEIRO.- A afirmación da empresa sobre que o concello de Vigo “pretender una reducción unilateral del precio del contrato” é falsa. Non consta ningunha solicitude do concello de Vigo neste senso.

CUARTO.- Respecto á suspensión cautelar da executividade do acordo solicitada pola empresa no “OTROSÍ DIGO PRIMERO”, debe decirse que a entidade recorrente solicita a suspensión de calquera acto que deveña do acto recorrido, suposto previsto no artigo 117 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, sen fundamentar esta pretensión en ningunha doutrina xurisdiccional que puidese resultarlle aplicable.

Así pois, o principio xeral vén constituído pola executividade dos actos administrativos, como expresión da autotutela de que veñen investidas as Administracións Públicas, de modo que a suspensión da súa execución configúrase cun carácter de excepcionalidade. A este respecto, en vía de recurso administrativo, a Lei 39/2015, do 1 de outubro, configura esta suspensión no seu artigo 117 establecendo no seu apartado primeiro, que “a interposición de calquera recurso, excepto nos casos en que unha disposición estableza o contrario, non suspenderá a execución do acto impugnado”. A continuación perfila a excepción, dispoñendo o apartado segundo que “non obstante o disposto no apartado anterior, o órgano a quen competa resolver o recurso, previa ponderación, suficientemente razoada, entre o prexuízo que causaría ao interese público ou a terceiros a suspensión e o ocasionado ao recorrente como consecuencia da eficacia inmediata do acto recorrido, poderá suspender, de oficio ou a solicitude do recorrente, a execución do acto impugnado cando concorran algunha das seguintes circunstancias:

- a) Que a execución puidese causar prexuízos de imposible ou difícil reparación.
- b) Que a impugnación se fundamente nalgunha das causas de nulidade de pleno dereito previstas no artigo 47.1 desta Lei”.



Debe terse en conta que, como sinalou a xurisprudencia, o principio de eficacia da actuación administrativa ao que alude o artigo 103.1. da Constitución, unido ao principio de presunción de legalidade dos actos administrativos ao que se refire o artigo 39.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, dá lugar á regra xeral de executividade dos actos administrativos, efecto que, en principio, mantense, aínda que se formule recurso, de conformidade co establecido no artigo 117.1 da citada Lei.

Da análise do citado precepto infírese que, á hora de acordar a suspensión ou non da execución dun acto recorrido en vía administrativa, reviste un carácter esencial e imprescindible a ponderación dos intereses en conflito.

Neste suposto debe primar o interese público sobre o da entidade recorrente. Máxime cando no recurso potestativo de reposición interposto non se ofrece ningunha fundamentación que defenda a pertinencia de que se adopte a medida cautelar solicitada – a xustificación de que a execución da penalidade se faría sobre a garantía definitiva e logo habería que reponela – primeiro, non é certa.

O propio acordo di que a penalidade farase efectiva “mediante a dedución das cantidades que deban aboarse ao contratista, en concepto de pagamento total ou parcial, conforme ao artigo 194.2 da LCSP”.

E segundo, aínda que fose certa a afirmación, que reitero, non o é, unha eventualidade dese tipo non pode servir de fundamento á adopción da medida cautelar solicitada.

Non se alega que a execución puidese causar prexuízos de imposible ou difícil reparación, nin se expón unha ponderación entre os prexuízos que poida causar a execución do acto ou a súa suspensión, tanto ao interese público como aos intereses que representa a entidade recorrente.

Resulta imprescindible á luz do artigo 117 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, referirse á doutrina mantida polo Tribunal Supremo en Sentenza do 29 de maio de 2001, recaída en recurso de casación n.º 473/1998 [STS 4473/2001]: «É xurisprudencia consolidada deste Tribunal Supremo, que constitúe un bloque de doutrina reiterada e constante, a que vén considerando que a suspensión do acto ou disposición xeral é factible concederse polo Tribunal a instancia do actor [...]. Con todo, esta concesión tan só pode ser outorgada cando a execución houbese de producir danos ou prexuízos de reparación imposible ou difícil, circunstancias estas que ha de acreditar suficientemente o instante da suspensión conforme as regras da carga da proba que se recollen no art. 1214 do Código Civil, facilitando ao Tribunal, sequera sexa indiciariamente cun principio de proba, os elementos, fundamentos e circunstancias dos que se deriven os prexuízos que se din de imposible ou difícil reparación para que o Tribunal, valorándoos no seu conxunto, poida facer uso da expresada facultade suspensiva, por ser a suspensión unha excepción ao principio xeneral da executividade dos actos administrativos desde que se ditan [...]».

En consecuencia, o solicitante da medida cautelar debe probar os feitos determinantes que condicionarían a pertinencia da adopción da medida. Isto é, debe alegar os posibles prexuízos que lle ocasionaría a inmediata execución e probalos. Con todo, no presente caso, nin sequera se alegan – pois non son certos -, polo que a obrigada ponderación do prexuízo particular, co prexuízo ao interese público non é posible e, por tanto, devén a desestimación da medida cautelar interesada.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/10/2025 09:41	Páxina 38 de 40
1964-1102 Aprobado por XGL 24/10/2025	CSV: ADA9D5-2F5E4C-42C5CE-4C359L-MG3SHN-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

Polo tanto, debe desestimarse a solicitude de suspensión formulada no recurso potestativo de reposición interposto.

Contra o acordo de desestimación da solicitude de suspensión non cabe recurso ningún, sen prexuízo de que a oposición poida alegarse contra a resolución que poña fin ao procedemento.

CONCLUSIÓN

Dado que pola concellería de área e delegada incoouse o procedemento e deuse audiencia ao contratista, e posto que o contrato foi adxudicado pola Xunta de Goberno Local considérase que é o órgano competente, a proposta do responsable do contrato, para a imposición de penalidades por cumprimento defectuoso do contrato (artigo 38. II dos pregos de cláusulas administrativas).

Corresponde resolver o recurso de reposición interposto á Xunta de Goberno Local, ao ser este órgano o que ditou a resolución impugnada, ao estar así establecido no acordo de delegacións de competencias do alcalde na Xunta de Goberno Local “os acordos adoptados en exercicio de atribucións delegadas que serán resoltos pola propia Xunta de Goberno Local” (resolución de alcaldía de 20.06.2023).

*A secretaria de administración municipal
Pilar del Carmen Saborido Díaz
(Documento asinado dixitalmente)”*

Á vista dos informes referidos e como xefa do Servizo de Turismo, e responsable do contrato segundo a cláusula 15 da memoria xustificativa do expediente aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de 24.11.2022, **proponse que a Xunta de Goberno Local adopte o seguinte ACORDO:**

PRIMEIRO.- Desestimar integramente o recurso de reposición interposto por Ryanair DAC con rexistro de entrada núm. R20250099419, de 17 de setembro de 2025.

SEGUNDO.- Desestimar a solicitude de suspensión formulada no recurso potestativo de reposición interposto por Ryanair DAC con rexistro de entrada núm. R20250099419, de 17 de setembro de 2025.

Contra o acordo de desestimación da solicitude de suspensión non cabe recurso, sen prexuízo de que a oposición poida alegarse contra a resolución que poña fin ao procedemento.

TERCEIRO.- Notificar o acordo a Ryanair DAC indicando que contra o mesmo (a excepción da solicitude de suspensión), en aplicación do artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, perante o xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Todo iso sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 27/10/2025 09:41

Páxina 39 de 40

1964-1102 Aprobado por XGL 24/10/2025

CSV: ADA9D5-2F5E4C-42C5CE-4C359L-MG3SHN-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás quince horas e vinte minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/10/2025 09:41	Páxina 40 de 40
1964-1102 Aprobado por XGL 24/10/2025	CSV: ADA9D5-2F5E4C-42C5CE-4C359L-MG3SHN-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		